

**NOVO VIAL DE ACCESO AO
COMPLEXO HOSPITALARIO
UNIVERSITARIO DE OURENSE (CHUO)
DENDE A N-525 (OURENSE)**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a mellora da conectividade do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) mediante a execución dunha vía, duns 640 m de lonxitude, que conecte a estrada N-525 coa avda. do Regato, dentro do viario urbano de Ourense próximo ao dito hospital.

2. Plan de Estradas

A nova vía defínese como unha estrada Local da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

Execución dunha vía transversal (dirección oeste-este) que conecta a N-525 coa avda. do Regato. As conexións da vía proxectada xa se atopan executadas e en servizo. A conexión coa N-525 será mediante unha ligazón a distinto nivel con glorieta única situado punto quilométrico (P.Q.) 235+500. A vía proxectada conectará nesta glorieta no cuadrante nordés, substituíndo e repoñendo o actual entroncamento do Camiño do Dentrágón. No outro extremo, a nova vía conectará coa avda. do Regato, dándolle continuidade á sección existente.

Ademais, a vía proxectada dará conexión a diversas rúas e camiños existentes, proxectándose para iso dúas novas glorietas e diversas interseccións con vías municipais, como por exemplo co camiño Romano, o camiño das Laxas ou a rúa Ramón Abellas.

4. Características técnicas

Seccións tipo:

Tronco: carrís de 3,25 m, con 2 carrís de subida e 1 de baixada, separados por mediana de 2,0 m nos dous primeiros tramos, e de 2,7 m no tramo final. En diversos tramos do tronco dispuxéronse zonas exteriores de aparcamento en liña de 2,2 m de anchura. Onde non hai aparcamento, incluíuse unha beiravía exterior de 0,5 m. Na mediana dispóñense beiravías interiores de 0,5 m nos dous primeiros tramos, e de 0,4 m no tramo final. Ademais, executaranse beirarrúas de 2,0 m de anchura mínima en ambas as marxes do tronco, excepto no tramo entre os PP.QQ. 0+000 ao 0+090, que se dispón unicamente pola marxe dereita.

Glorietas: calzada de 8,0 m (dous carrís de 4,0 m), con beiravías de 0,5 m e superficie transitábel entre a calzada anular e a illa central interior de 1,0 m. No perímetro exterior dispónse beirarrúa de 2,0 m de anchura mínima.

Rúa Xoan Manuel Pintos: partiuse da sección actual para finalizar no entroncamento coa nova glorieta con dous carrís de 3,25 m de entrada e un carril de 3,25 de saída, mantendo o aparcamento na mesma marxe e as beirarrúas en ambas as marxes.

Rúa Ramón Abellas e a rúa das Laxas: calzada de 6,0 m (un carril de 3,0 m por sentido), aparcamento en liña de 2,2 m de anchura por unha marxe e beirarrúas de 2,0 m de anchura mínima en ambas as marxes. No vial que dá continuidade á Rúa das Laxas cara o norte, dispónse calzada 6/7 (un carril por sentido de 3,0 m) e beiravías de 0,5 m. No seu tramo final, na zona de entroncamento coa glorieta, dispónse beirarrúas de 2,0 m de anchura en ambas as marxes.

Camiños de servizo: 5,0 m de anchura.

Firmes:

Tronco, vías transversais e glorietas: capa de rodadura de 5 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) AC16SURF BC50/70 S + capa intermedia de 5 cm de MBQ AC22BIN B50/70 S + capa base de 7 cm de MBQ AC22BASE B50/70 S + 40 cm de saburra artificial.

Camiños de servizo e accesos: capa de 5 cm de MBQ AC16SURF BC50/70 S + 25 cm de saburra artificial.

Pavimentos:

Beirarrúas: 14 cm de formigón HF-4.0. Nos accesos a vivendas colocárase malla de reforzo.

Zona transitábel entre a calzada anular e a illa central: anel de 1,0 m de formigón coloreado HM-25, de 21 cm de espesor e con malla #15x15x6, delimitado por bordo remontable, sobre capa de 25 cm de saburra artificial.

Drenaxe: empregáranse gabias asimétricas triangulares revestidas de formigón, noiros 5H:1V e 1H:1V, e profundidade de 0,10 m. Ademais, instaláranse colectores e sumidoiros, 3 ODTL, arquetas e pozos.

Estruturas: muro de sostemento de 85 m de lonxitude e 4,5 m de altura máxima, executado con formigón armado.

Sinalización, balizamento e defensas.

5. Poboación servida (INE 2025)

Ourense 105.769 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Ourense.

7. Expropiacións

As actuacións contempladas neste proxecto afectan a un total de 24 parcelas, das cales 19 tamén resultan afectadas por ocupación temporal (22.467 m² afectados por expropiación e 2.090 m² por ocupación temporal). Orzamentos:

Expropiacións	58.921,03 €
Bens e Dereitos Afectados	152.650,14 €
Premio de afección (5%)	10.578,56 €
Ocupación temporal	2.939,24 €
Orzamento Total Expropiacións	225.088,97 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de VINTE E CATRO (24) meses.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	4.072.081,16 €
Orzamento Expropiacións	225.088,97 €
Orzamento Seguimento Ambiental	28.981,19 €
Orzamento Control Arqueolóxico	8.507,20 €
Orzamento Reposición Servizos	61.364,74 €
Orzamento para Coñecemento da Administración:	4.396.023,26 €


PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO



SECCIÓN TIPO TRONCO. EJE 001 (PK 0+190 - FINAL)



SECCIÓN TIPO GLORIETAS. EJES 2000 y 4000